



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º:

Este Concello de Avión establece o Imposto sobre Actividades Económicas, rexendo integramente o establecido ao respecto na Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, tras a nova redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Artigo 2º:

Constitúe o feito imponible do Imposto o exercicio de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.

Artigo 3º:

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas e as entidades a que se refire o Artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, sempre que realicen calquera das actividades que orixinan o feito imponible e non se atopen comprendidas en ningunha das causas de exención establecidas na nova redacción do Artigo 83 da Lei 39/1988 dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de Reforma da Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 4º:

A todas as actividades exercidas neste Termo Municipal de Avión e que lles sexa de aplicación este Imposto, aplicaráselles as cotas tributarias cos coeficientes de ponderación determinados en función do importe neto da cifra de negocios, segundo as regras establecidas para iso na vixente Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 5º:

Non se establecen categorías fiscais nas vías públicas nin nos núcleos do Municipio.

Artigo 6º:

No non previsto na presente Ordenanza rexerán os preceptos contidos na Lei 39/1988, tras a nova redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de Reforma da Reguladora das Facendas Locais, nas normas concordantes e complementarias, así como nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, e nas disposicións ditadas, ou que se ditén, para a súa regulación e desenvolvemento.

Disposición Adicional:

A presente Ordenanza entenderase modificada automaticamente, sen necesidade de acordo algún de Pleno, nos supostos en que por unha norma de superior rango se modifiquen aspectos dos contidos na presente e nos termos nos que se establezan.